



Centristas de Carballo

Moción que presenta o Grupo Municipal de Terra Galega, para a inclusión na orde do día do próximo pleno, para o seu debate e aprobación ao abeiro do establecido na lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real Decreto 2568/1986, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 97:3:

### **MOCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA VÍA DE SISTEMA XERAL DA VILA DE NEGREIRA Á IGREXA DE BÉRTOA POLA PARTE POSTERIOR DO NÚCLEO DE O FERRADAL (BÉRTOA)**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

En numerosos plenos criticamos a nefasta reordenación do tráfico en moitas das rúas do noso concello, pois pensamos que esa mala reordenación do tráfico, xunto ao constante paso de tráfico pesado por numerosas rúas de Carballo, levan a que se produza un caos circulatorio no noso casco urbano, o cal evidencia que non se poden tomar decisións sobre a peatonalización sen un estudo previo.


No caso de Carballo é máis que evidente a falta de previsión no acondicionamento das rúas adecentadas nos últimos anos. Para Terra Galega, a reordenación do tráfico nunha cidade ou vila require de solucións de conxunto na súa mobilidade. En Carballo, estase facendo á inversa.

Como o Plan de Mobilidade aínda vai tardar anos en materializarse, o Grupo Municipal de Terra Galega pensamos que unha solución prioritaria para desconxestionar a circulación no casco urbano consiste no desenvolvemento da vía que aparece recollida en actuacións no sistema xeral viario do PXOM como SX-VI2a. A estimación do custe do solo é de 42.612,00€, e a estimación do custe de execución é de 532.650,00€.

En virtude de todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal de Terra Galega, solicita ao pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Executar a vía de sistema xeral que vai da Vila de Negreira á Igrexa de Bértoa (adxuntamos plano).

Carballo a, 14 de marzo de 2018



Asdo.: Estefanía Canosa Castiñeira

Voceira do Grupo Municipal de Terra Galega

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO**

